

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 16 de outubro de 2018 pola que se regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área.*

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia fixa no seu artigo 32 os principios reitores do Sistema público de saúde de Galicia, entre os que destaca como número 2 dun total de 19, o relativo á orientación cara a cidadanía e a participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias, así como do control das súas actuacións.

Para iso téñense desenvolvido distintos instrumentos como poden ser a Escola Galega de Saúde para cidadáns ou o Consello Asesor de Pacientes, creado mediante a Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 2011.

O Consello Asesor de Pacientes é o órgano de asesoramento do Servizo Galego de Saúde que ten como finalidade a mellora da seguridade dos e das pacientes, dos seus familiares e das persoas cuidadoras, fomentando os niveis de participación e facilitándolles aos e ás pacientes a información necesaria para a toma de decisións.

Na Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2020, en cuxa elaboración participaron os pacientes e as pacientes a través das asociacións que os representan, defínense una serie de obxectivos estratéxicos entre os cales se atopan: orientar a estrutura de prestación de servizos cara as necesidades dos pacientes e das pacientes, a mellora da atención á cronicidade, a concesión aos e ás pacientes de maiores cotas de poder, dándolles formación e información, para así axudalos a mellorar o seu estado de saúde; todo iso, de xeito que se incremente nas persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde o sentimento de propiedade e corresponsabilidade na xestión do Sistema público de saúde de Galicia.

A participación da cidadanía na xestión do Sistema público de saúde de Galicia constitúe, ademais dun valor social, un instrumento de cooperación e información para a mellora da súa saúde e do seu benestar. É por iso que, contar coa súa participación a través das asociacións de pacientes é unha forma de poder coñecer de primeira man as súas necesidades polo que á saúde e ao seu coidado se refire, así como a percepción que teñen do funcionamento do Sistema público de saúde de Galicia. En definitiva, trátase de avanzar na mellora da calidade da asistencia sanitaria, neste caso, a través da implicación das persoas destinatarias desta, para deste xeito mellorar o coidado da súa saúde e optimizar



o uso dos recursos humanos e técnicos que o Sistema público de saúde de Galicia pon en cada momento ao seu dispor.

A través da Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 68, do 9 de abril, introducíronse modificacións relativas aos órganos de participación social no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia. Entre outros órganos de participación, no artigo 26 bis regúlanse os consellos asesores de pacientes, os que, de acordo co establecido no seu punto 1, se configuran como órganos de participación das asociacións nas cales se agrupan os e as pacientes, tendo como finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da súa propia percepción, sendo así que no punto 2 artigo 26 bis citado, prevese que nas áreas sanitarias existirán consellos asesores de pacientes de área como órganos de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes no ámbito territorial das respectivas áreas.

Pola súa parte, o artigo 68 da Lei 1/2018, do 2 de abril, relativo ás áreas sanitarias, establece no seu punto 2 que a división territorial do Sistema público de saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área sanitaria da Coruña e Cee.
- b) Área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza.
- c) Área sanitaria de Ferrol.
- d) Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- e) Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- f) Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- g) Área sanitaria de Vigo.

Por outra banda, no punto 3 do devandito artigo 26 bis, determínase que a composición e o réxime de funcionamento destes órganos estableceranse por orde da consellaría competente en materia de sanidade, e que na composición destes órganos procurárase unha presenza equilibrada de mulleres e homes.



En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto regular a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área.

Artigo 2. *Natureza e finalidade*

Os consellos asesores de pacientes de área son órganos colexiados de carácter consultivo, nos termos previstos no artigo 22.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que teñen por finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos servizos sanitarios por parte dos e das pacientes, así como informar e asesorar aos órganos responsables, en cada momento, da dirección e xestión das áreas sanitarias.

Os consellos asesores de pacientes de área actuarán coma estruturas de participación das asociacións nas cales se agrupan os/as pacientes no ámbito territorial das respectivas áreas e, por medio destas, dos e das pacientes, das súas familias e das persoas físicas e/ou xurídicas que representen os seus intereses e/ou se responsabilicen do seu coidado, directamente ou a través doutras persoas e/ou institucións.

Artigo 3. *Composición*

1. Os consellos asesores de pacientes de área estarán compostos por unha presidencia, varias vogalías e unha secretaría.

2. A presidencia do Consello Asesor de Pacientes de Área corresponderalle á persoa titular da xerencia de cada estrutura de xestión integrada existente no ámbito de actuación do Consello ou do órgano que, de ser o caso, a substitúa. A secretaría será desempeñada por unha persoa que, formando parte do cadro de persoal do dito órgano, teña a condición de empregada pública.

3. Serán membros do Consello Asesor de Pacientes de Área en condición de vogais:

a) As persoas titulares dos órganos unipersoais de dirección que correspondan a cada estrutura de xestión integrada.



b) Unha persoa representante proposta por parte de cada unha das asociacións de pacientes de carácter sanitario que desenvolvan a súa actividade principalmente no ámbito territorial de cada área sanitaria, a cal será designada pola persoa titular da Gerencia de Xestión Integrada de acordo co previsto na disposición adicional primeira.

4. A presidencia terá como funcións:

a) Acordar a convocatoria das reunións ordinarias e extraordinarias do Consello.

b) Coordinar as súas actividades.

c) Dirixir as reunións do Consello.

d) Levar adiante a execución dos acordos adoptados.

5. A secretaría terá como funcións:

a) Efectuar a convocatoria das reunións por orde da presidencia.

b) Recibir e custodiar as propostas dos membros do Consello.

c) Preparar os asuntos que deban ser tratados en cada reunión.

d) Redactar e autorizar as actas das reunións e, se é o caso, expedir as certificacións dos acordos adoptados.

e) Dar traslado dos acordos adoptados aos órganos ou entidades que correspondan.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Artigo 4. *Réxime de suplencias*

1. A persoa titular da presidencia poderá ser substituída pola persoa titular da dirección de procesos asistenciais da estrutura orgánica de xestión integrada de que se trate.

A persoa titular dunha vogalía poderá ser substituída pola persoa que designe a persoa titular do órgano que a designou ou, de ser o caso, do órgano por cuxa razón teña a condición de vogal. No caso das entidades e/ou asociacións a suplencia corresponderalle á persoa que designe o órgano que corresponda segundo o establecido nos seus estatutos. A designación deberá constar expresamente acreditada para cada reunión.



2. A persoa titular da secretaría poderá ser substituída por outra persoa que, formando parte do cadro de persoal da estrutura de xestión integrada ou do órgano que, de ser o caso, a substitúa, teña a condición de empregada pública.

*Artigo 5. Principio de presenza equilibrada*

Na composición dos consellos asesores de pacientes de área, sempre que sexa posible en atención á dispoñibilidade das persoas que o poden conformar, procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

*Artigo 6. Participación externa*

Poderán participar nas reunións, con voz pero sen voto, aquelas persoas que polas súas actividades, coñecemento ou experiencia, a Presidencia considere oportuno que estean presentes por razón dos asuntos que se vaian a tratar.

*Artigo 7. Funcións dos consellos asesores de pacientes de área*

1. Os consellos asesores de pacientes de área, con carácter xeral, desenvolverán as súas funcións en relación á área sanitaria na cal se integren, sen prexuízo de que en determinados supostos, debidamente xustificados por razóns de oportunidade e logo de aprobación pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, poidan estender a súa actividade a outras áreas sanitarias.

2. Son funcións dos consellos:

a) Asesorar sobre aqueles aspectos, actividades, procedementos ou servizos que teñan impacto sobre as condicións da asistencia sanitaria, prevención da enfermidade e mellora da saúde e autonomía persoal que, con carácter xeral, afecten aos e ás pacientes, así como ás familias e ás persoas físicas ou xurídicas ás que se fai referencia no artigo 2.

b) Asesorar e colaborar, nos termos e condicións en que en cada caso se acorde, sobre os contidos das guías de información dirixidas aos e/ou ás pacientes que, dalgún modo, lles afecten.

c) Asesorar sobre a información de mellora da seguridade dirixida aos e ás pacientes.

d) Colaborar no deseño dos espazos dos centros sanitarios para a mellora da súa accesibilidade e funcionalidade.

e) Realizar propostas que poidan contribuír á mellora da atención e coidado dos e das pacientes.



f) Calquera outra que de común acordo se decida xunto cos órganos responsables da dirección e xestión das áreas sanitarias, ou que, de selo caso, poida derivarse:

1º. Dun mandato legal.

2º. Dunha petición formulada pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ou, a través desta, polas persoas titulares do resto das Consellerías da Xunta de Galicia, en relación con asuntos que poidan afectar aos intereses dos e das pacientes.

3º. De peticións que, dirixidas á persoa titular da consellería competente en materia de Sanidade e previamente validadas por esta, se formulen por outros órganos de participación social no ámbito sanitario; por representantes de institucións privadas que presten servizos de asistencia sanitaria no ámbito territorial da área sanitaria de que se trate e, en xeral, por representantes doutras administracións, ou institucións públicas ou privadas.

3. No desenvolvemento das funcións dos consellos asesores de pacientes de área terase presente a perspectiva de xénero e o seu efecto na procura da igualdade entre homes e mulleres.

#### Artigo 8. *Funcionamento*

1. Os consellos asesores de pacientes de área reuniranse polo menos unha vez ao ano. Así mesmo, reuniranse cantas veces o considere necesario a persoa titular da presidencia, por iniciativa propia ou da terceira parte dos membros de cada consello asesor.

2. A convocatoria de cada reunión e a documentación que se una, remitiranse ao enderezo de correo electrónico que deberá indicar previamente cada membro do consello. A secretaría adoptará todas as medidas necesarias para a protección dos datos persoais de acordo coa normativa vixente na materia.

3. De cada reunión que se realice levantarase unha acta na que se recollerán, de forma breve, as persoas asistentes e darase conta dos asuntos tratados e os acordos adoptados.

4. En todo o non previsto nesta orde, aplicaranse supletoriamente as previsións contidas nas disposicións que resulten de aplicación, respecto dos órganos colexiados, da Lei 16/2010, do 17 de decembro e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou de ser o caso das normas que as modifiquen ou substitúan.



Disposición adicional primeira. *Incorporación de asociacións de pacientes aos consellos asesores de pacientes de área*

1. Para os efectos de determinar o consello no cal pode integrarse unha asociación de pacientes, seguiranse os seguintes criterios:

a) Área sanitaria na cal a asociación ten o seu domicilio social.

b) Por petición da persona ou das persoas que representen legalmente á asociación, a área sanitaria na cal a asociación teña o maior número de persoas asociadas e/ou, despregue fundamentalmente a súa actividade.

2. A incorporación aos consellos asesores de pacientes de área terá carácter voluntario e farase por designación da persoa titular da Xerencia de Xestión Integrada logo da solicitude presentada pola persoa ou persoas que acrediten a representación legal da asociación, logo da correspondente convocatoria pública.

3. Xunto coa solicitude, que será dirixida á persoa titular da Xerencia de Xestión Integrada, achegarase unha copia auténtica dos estatutos da asociación, así como os documentos que acrediten a representación legal da asociación por parte da persoa ou persoas que presenten a solicitude.

4. A designación das asociacións de pacientes que formen cada consello asesor formalizarase mediante a resolución da persoa titular da Xerencia de Xestión Integrada da área que corresponda, ou órgano que, de ser o caso, a substitúa, e publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da consellería competente en materia de sanidade.

5. No caso do Consello Asesor de Pacientes de Xestión Integrada de Vigo, continuarán formando parte aquelas entidades e/ou asociacións incorporadas a este desde o momento da súa constitución mediante acta do xerente de Xestión Integrada de Vigo do 20 de xullo de 2016, sen necesidade de que teñan que formular nova proposta de adhesión e sempre que non manifesten a súa vontade en contrario.

6. As asociacións de pacientes en xeral e, en particular, as que teñan un ámbito territorial de actuación superior ao dunha área de saúde, que soliciten a súa integración nun consello asesor de pacientes de área, deberán indicar na súa solicitude, entre outros, a seguinte información:

a) Se forman parte do Consello Asesor de Pacientes de Galicia creado mediante a Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 2011.





b) Os consellos asesores de pacientes de área nos cales solicita a súa integración e aqueles dos que xa forma parte.

c) Nome das persoas que representan a asociación, como vogal e como suplente, en cada consello asesor de pacientes de área dos que forme parte.

Disposición adicional segunda. *Obriga de informar ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia*

Os consellos asesores de pacientes de área informarán ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia, creado mediante a Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 2011, dos acordos adoptados. Para iso, as secretarías destes remitirán ao dito Consello, dentro dun prazo de dez (10) días naturais contados desde a súa aprobación, a copia de cada unha das actas das súas reunións.

Así mesmo, tamén informarán ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia, con carácter previo á súa adopción, acerca de calquera resolución, circular ou instrución que por parte da xerencias das estruturas organizativas de xestión integrada se poidan adoptar e que se deriven dos acordos adoptados polos consellos asesores de pacientes de área.

A Secretaría do Consello Asesor de Pacientes de Galicia co visto e praxe da súa Presidencia, poderá, no prazo dun mes, contado desde a recepción da documentación remitida pola Secretaría do Consello Asesor de Pacientes de Área de que se trate, realizar as observacións que considere necesarias, coa finalidade de asegurar a mellor defensa dos intereses dos pacientes, en xeral, así como unha mellor xestión dos recursos postos polo Sistema público de saúde de Galicia ao seu dispor.

A Secretaría do Consello Asesor de Pacientes de Galicia, incluírá na orde do día das reunións do Consello, un punto, relativo á rendición de contas das actuacións realizadas en virtude do disposto nesta disposición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

